



## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** Listaxe de admitidos para cubrir as prazas vacantes no curso 2021/2022 da EIM Raíña Lupa

**EXPEDIENTE:** [2021/S004/000001](#)

### ANTECEDENTES:

Segundo o Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Raíña Lupa de Boqueixón, no seu artigo 3, punto 4, último parágrafo, recolle que “As solicitudes presentadas con posterioridade serán baremadas nos últimos 7 días hábiles do mes de agosto, para a adxudicación a comisión de baremación, seguimento e control, aplicará o mesmo criterio que na anterior convocatoria, agás neste caso a comisión terá en conta a data de nacemento dos/as neno/a nados despois do mes de marzo, terán preferencia os que cumpran antes os tres meses.”

27/04/2021. Elevouse a definitiva a listaxe provisional de admitidos na EIM Raíña Lupa.

25/05/2021. Resolución das prazas vacantes da EIM Raíña Lupa de Boqueixón para o curso 2021/2022 (dezaseis prazas).

Con posterioridade tiveron entrada as seguintes solicitudes:

- Collazo Pardo, Manel
- Lodeiro Renda, Hugo
- Aadel, Yasmín
- Rosende Puente, Ariadna
- Mera Brey, Leo

### CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, ECONÓMICAS E XURÍDICAS

Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Raíña Lupa de Boqueixón (BOP n.º 221 do 21 de novembro de 2017).

### RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.** Admitir as solicitudes presentadas para o vindeiro curso 2021/2022 na EIM Raíña Lupa.

- |                           |           |
|---------------------------|-----------|
| - Collazo Pardo, Manel    | 21 puntos |
| - Lodeiro Renda, Hugo     | 14 puntos |
| - Aadel, Yasmín           | 21 puntos |
| - Rosende Puente, Ariadna | 17 puntos |
| - Mera Brey, Leo          | 22 puntos |



exp. 2021/G003/000447

**SEGUNDO.** No prazo de 15 días naturais a partir da publicación desta resolución, os pais dos admitidos deberán presentar no rexistro xeral deste concello en horario de 9:00 a 14:00 horas ou ben a través da sede electrónica, a seguinte documentación:

- ANEXO IV Aceptación da matrícula. (É obrigatorio anexar este formulario cumprimentado e asinado)
- Copia da tarxeta sanitaria da/o menor
- Certificado médico da/o menor
- Carné de vacinación actualizado

Unha vez formalizada a matrícula asinarase o contrato de prestación de servizos e aportaranse catro fotografías tamaño carné.

**TERCEIRO.** Se finalizado o período de formalización da matrícula, esta non fose formalizada ou entregada toda a documentación sinalada no apartado anterior decaerá o dereito á praza obtida e tampouco quedará en lista de agarda.

**CUARTO.** Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da casa do concello e na EIM Raíña Lupa de Boqueixón e na páxina web [www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es), para o coñecemento dos interesados.

Na publicación farase constar que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispoñen o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 52.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tamén poderá interpoñer contra esta resolución un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

En todo caso poderá utilizar calquera outro recurso que estime oportuno.

**QUINTO.** Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Boqueixón, na data da sinatura dixital

Manuel Fernández Munín, alcalde

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor